

exposición itinerante O videoxogo en galego




Patrocina:



Organiza:

Área de
Normalización Lingüística
Universidade de Vigo





Comisariado: Óscar Ferreiro Vázquez, Ramón Méndez González e José Yuste Frías.

Dirección científica: Ramón Méndez González, Óscar Ferreiro Vázquez e José Yuste Frías.

Comité de selección das obras: Lois Denís Agrelo Arxóns, Ana Doval Fernández, Óscar Ferreiro Vázquez, María Herrero Prado, Ramón Méndez González, Paula Regueiro Fajín, Leticia Robles Soneira, Elena Valle García.

Redacción e revisión dos textos: Lois Denís Agrelo Arxóns, Ana Doval Fernández, Óscar Ferreiro Vázquez, María Herrero Prado, Ramón Méndez González, Paula Regueiro Fajín, Leticia Robles Soneira, Elena Valle García.

Ilustración do cartel publicitario: Francisco Molina Arcas.

Maquetaxe: Pablo Gutiérrez.

Coordinador da produción do catálogo: Xesús Domínguez Dono.

Produción do catálogo: Editorial Galaxia S. A.

Organiza: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, grupo de investigación Tradución & Paratradución (T&P), Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional (MTCI) e Título Propio de Especialista en Tradución para a Industria do Videoxogo (ETIV).

Patrocina: Deputación de Pontevedra.

ISBN: 978-84-1188-077-0

Todos os dereitos das imaxes empregadas na exposición e no catálogo correspondente pertencen aos seus respectivos donos, autores e propietarios. O seu uso é meramente con fins educativos e investigadores.

Todos os xogos incluídos nesta exposición e no catálogo correspondente teñen unha clasificación por idades (PEGI) de +3, +7 ou +12, de tal xeito que todos eles son axeitados para o alumnado de máis de 12 anos. Ningún dos xogos incluídos correspondería a un público adulto.

Patrocina:



Organiza:

Área de
Normalización Lingüística
Universidade de Vigo



Prólogo

Na actualidade, o videoxogo consolidouse como unha das industrias culturais máis dinámicas e influentes a nivel mundial. Segundo Juul (2005: 14), o videoxogo constitúe un espazo privilexiado de interacción cultural no que se entrelazan narrativas, mecánicas e tecnoloxías que configuran novas formas de experiencia estética e social. A súa capacidade para vehicular valores, imaxinarios e identidades a través de linguaxes interactivas convérteo nun medio central da contemporaneidade, con especial incidencia entre a mocidade, para quen o xogo dixital xa é unha práctica cotiá e transversal. Non só iso, senón que tamén se converte nunha ferramenta de gran valía na formación en distintos ámbitos (Méndez González, 2022a: 564-565). Por todo isto, non é casual que o sector do videoxogo se convertese «nun piar destacado do sector do entretemento, por diante do cinema ou da música» (González-Santamaría & Ferreiro-Vázquez, 2023: 16), cunha facturación en España de 1747 millóns de euros, moi superior á do cinema ou á música gravada (2023: 17). Estes datos evidencian que estamos perante unha industria cun peso económico e simbólico de primeira orde. Neste sentido, cómpre lembrar que o videoxogo tamén pode transcender a súa dimensión de ocio e converterse nunha ferramenta socialmente transformadora, orientada á inclusión, ao avellentamento activo e á creación de experiencias interxeracionais, como amosa o proxecto Avoo (Méndez González et al., 2023: 217-218).

Neste contexto global, a presenza das linguas minoritarias e minorizadas na industria videolúdica non pode entenderse unicamente como unha opción estética, senón como unha cuestión de dereito cultural e de supervivencia simbólica. Como sinala May (2012: 77), a diversidade lingüística é tamén diversidade cognitiva e cultural, e garantir a súa presenza nos novos espazos dixitais resulta fundamental para a súa transmisión interxeracional. O galego, como lingua propia de Galicia e

patrimonio inmaterial recoñecido, enfróntase ao desafío de estar presente nun dos sectores con maior proxección de futuro, para non ficar reducido a un uso residual ou folclórico. A produción orixinal e a tradución ao galego de videoxogos constitúe unha mostra clara da vitalidade da lingua e da súa capacidade de adaptación aos contextos tecnolóxicos máis avanzados. Ao mesmo tempo, estes procesos fan evidente que o galego non é un vestixio do pasado, senón un vehículo plenamente funcional para a creación, a narración e a interacción dixital.

Mais cómpre salientar que este labor non pode recaer unicamente na iniciativa individual de creadoras, tradutoras ou estudos independentes. A implicación institucional é indispensable. Como lembran Fishman (1991: 102) e Bastardas-Boada (2017: 23), as políticas lingüísticas eficaces deben combinar a protección legal coa promoción activa de usos sociais significativos, especialmente naqueles eidos de prestixio e innovación. A introdución das mulleres na industria do videoxogo é unha cuestión de xustiza social, pero tamén de innovación e calidade cultural. A ausencia feminina, tanto nos equipos de desenvolvemento como na representación das personaxes, non só perpetúa dinámicas discriminatorias, senón que empobrece as narrativas e limita o potencial creativo dun dos sectores máis influentes da cultura contemporánea. O feito de que a maioría dos videoxogos comerciais continúen reproducindo un modelo masculinizado mostra ata que punto segue a ser necesario un cambio estrutural que garanta a diversidade. Como sinalan Torres Outón e Ferreiro-Vázquez (2022: 31), ata hai ben pouco os videoxogos seguían a reforzar estereotipos de xénero que proxectaban o masculino como norma neutra e relegaban o feminino a papeis secundarios, fráxiles ou hipersexualizados. Esta reprodución constante de modelos binarios evidenciaba a necesidade de introducir mecanismos de cambio real no sector. Así mesmo, a súa investigación destacaba que, malia pequenos avances, a industria continuaba fortemente masculinizada e que só mediante políticas públicas activas e o compromiso da academia e das empresas sería posíbel xerar espazos seguros e representativos para

todas as identidades (Torres Outón e Ferreiro-Vázquez, 2022: 44). Neste sentido, resulta significativo que os datos recentes amosen unha tendencia crecente cara á paridade: «o 45,9 % das persoas xogadoras son mulleres e o 54,1 % homes» (González-Santamaría & Ferreiro-Vázquez, 2023: 18), o que demostra que a realidade do consumo videolúdico xa non responde ao tópico de que o xogo dixital é un espazo exclusivamente masculino. De feito, este paradigma de cambio obsérvase tamén nos propios xogos, onde, na actualidade, tan só un 25 % dos videoxogos ten un protagonista unicamente masculino, destacando que practicamente na metade das producións se pode escoller o xénero do personaxe protagonista (Méndez González, 2022b: 23). Queda moito traballo por diante e, así, proxectos como O videoxogo en galego, promovido desde a Universidade de Vigo a través do Título Propio de Especialista en Tradución para a Industria do Videoxogo (ETIV) e o Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional (MTCI), constitúen exemplos de boas prácticas que amosan o camiño. Neste caso, cómpre salientar tamén que no equipo de traballo participaron máis mulleres ca homes —catro mulleres fronte a tres homes—, o que reforza o carácter inclusivo da iniciativa e a súa vontade de corrixir os desequilibrios de xénero presentes na industria. Este proxecto, ademais, destaca pola súa capacidade para implicar directamente ao estudantado, ao profesorado e ás persoas investigadoras, xerando un espazo colaborativo no que a formación académica se conecta co tecido social, cultural e produtivo de Galicia. Do mesmo xeito, o proxecto Avoo demostra que a colaboración entre universidade e empresa pode xerar sinerxías altamente beneficiosas, ofrecendo ao estudantado unha das súas primeiras experiencias profesionais reais e contribuindo a consolidar unha industria local innovadora (Méndez González et al., 2023: 232). Trátase dun modelo que evidencia como a universidade pode actuar como motor de innovación lingüística e cultural, ao tempo que contribúe a consolidar unha industria creativa con impacto real no territorio e nas súas xentes. Non obstante, sen un apoio decidido das institucións públicas e culturais —desde as deputacións

e concellos até a Xunta de Galicia e organismos europeos—, o impacto destas iniciativas verase limitado.

Así é, as institucións teñen a responsabilidade de comprender que o investimento en proxectos videolúdicos en galego e noutras linguas propias das nacións históricas non é só unha cuestión de dinamización lingüística, senón tamén de desenvolvemento económico, innovación tecnolóxica e cohesión social. O videoxogo representa, no noso caso, unha industria con potencial para xerar emprego de alta cualificación, para internacionalizar o talento local e para fortalecer unha imaxe de Galicia asociada á creatividade e á modernidade, en liña co que sinalan González-Santamaría & Ferreiro-Vázquez (2023: 16–17) ao destacar o seu peso económico superior ao doutros sectores culturais tradicionais. Ignorar este potencial suporía renunciar a un campo estratéxico no que outras linguas e culturas están a avanzar con decisión.

Este libro, ao compilar e analizar diferentes propostas videolúdicas en galego, pretende ser unha ferramenta de reflexión crítica e de divulgación. O seu obxectivo non é só documentar un fenómeno emerxente, senón tamén subliñar a necesidade dunha estratexia integral que involucre á universidade, ao sector profesional e ás administracións públicas. Só a través desta colaboración poderemos garantir que o galego se consolide como lingua de creación e interacción no espazo dixital global.

Ao biés desta obra titulada *O videoxogo en galego* aspiramos a reivindicar a lexitimidade do galego como lingua plenamente válida e competitiva na industria cultural máis expansiva do noso tempo. A súa presenza nos menús, diálogos e narrativas interactivas non debe ser unha excepción, senón unha expresión natural da diversidade lingüística europea e un dereito cultural da cidadanía galega. A través deste catálogo abrimos, pois, unha xanela a un futuro no que o galego non só sobreviva, senón que lidere, tamén, procesos de innovación e creatividade no ámbito dixital.

Óscar Ferreiro Vázquez
Ramón Méndez González
José Yuste Frías

Bibliografía

- Bastardas-Boada, A. (2017). *Ecologia de les llengües: medi, contacte i sostenibilitat*. Barcelona: Octaedro.
- Fishman, J. A. (1991). *Reversing Language Shift: Theoretical and Empirical Foundations of Assistance to Threatened Languages*. Clevedon: Multilingual Matters.
- González-Santamaría, Pedro e Ferreiro-Vázquez, Óscar (2023). Desarrollo profesional en el sector de la traducción y la interpretación relacionado con el ámbito de los videojuegos. En Sara Torres-Outón e Ramón Méndez González [eds] *Realidades y desafíos de la tecnología aplicada a la traducción e interpretación*. Berlín: Peter Lang, Col. Lengua, Literatura, Traducción dirigida por María del Carmen Balbuena Torezano, Miguel Ángel García Peinado e por Gerd Wotjak. Volumen 5, pp. 13-26. ISBN 978-3-631-87192-8. DOI 10.3726/b20589.
- Juul, J. (2005). *Half-Real: Video Games between Real Rules and Fictional Worlds*. Cambridge, MA: MIT Press.
- May, S. (2012). *Language and Minority Rights: Ethnicity, Nationalism and the Politics of Language* (2ª ed.). New York: Routledge.
- Méndez González, Ramón; Ferreiro-Vázquez, Óscar; Menéndez Fernández, Ismael e Martínez Nieto, Jacobo (2023). El proyecto AVOO: colaboración empresa-universidad en pos de mejorar la accesibilidad de los videojuegos. En Ramón Méndez y Alba Calvo [eds.] *Nuevas Voces investigadoras en el ámbito de la localización de videojuegos*, pp. 209-232. ISBN: 978-84-19471-92-5. Valencia: Tirant Humanidades.
- Méndez González, Ramón (2022a). Localización de videojuegos: herramientas formativas para nuevas prácticas traductivas y paratraductivas. *Meta*, 67(3), pp. 558-574. DOI: <https://doi.org/10.7202/1100474ar>.
- Méndez González, Ramón (2022b). *La interpretación en el ámbito de los videojuegos*. Frankfurt am Main: Peter Lang. ISBN: 978-3-631-83293-6.
- Torres Outón, Sara María e Ferreiro-Vázquez, Óscar (2022). Videojuegos, traducción y perspectiva de género. En Ó. Ferreiro-Vázquez [ed.] *Avances en las realidades traductológicas: tecnología, ocio y sociedad a través del texto y del paratexto*. Frankfurt am Main: Peter Lang, Col. Studien zur romanischen Sprachwissenschaft und interkulturellen Kommunikation dirigido por Gerd Wotjak, José Juan Batista Rodríguez e Dolores García-Padrón. pp. 29-48. ISBN: 978-3-631-80810-8, ebook 978-3-631-89074-5. DOI: 10.3726/b20227.

videoxogs

índice de videoxogos

1. MINECRAFT
2. WORDLE GALEGO
3. KOA AND THE FIVE PIRATES OF MARA
4. TOWNSCAPER
5. RUNNING ON MAGIC
6. TINY GARDEN
7. AVANI
8. O MISTERIO DAS 7 PEZAS
9. OJO POR OJO
10. GALACTIC GRINDER
11. NEONHAT
12. CONCEPT DESTRUCTION
13. TINTÍN REPORTER: OS XARUTOS DO FARAÓN
14. XANCHUCHAMEL
15. A AVENTURA MÁXICA DE MERLIÑO
16. KITY BUILDER
17. MOUSEVENTURES
18. THE WAYLANDERS
19. THE COUNT LUCANOR
20. BASUREROES: INVASION
21. GLEST
22. SUPER WODEN GP
23. MAGIC TWINS
24. O LIBRO MÁXICO DE MOITOLLO
25. RUIN RAIDERS
26. KATANA DRAGON
27. PC FURBO TOTAL PATXI EDITION
28. WEE TANKS!

MINECRAFT



Xogar

Minecraft é un xogo de aventuras e construción en mundo aberto onde os xogadores teñen que explorar, construír e sobrevivir nun universo feito de bloques. Este xogo permíteche crear mundos infinitos, recoller recursos e enfrontarte a criaturas, así como construír dende simples refuxios ata complexas cidades.

É un dos xogos que máis liberdade dá aos xogadores, xa que a idea é ser creativos, inventar mil e unha cousas para pasar a noite e, de paso, poñer a proba as túas habilidades para construír peza por peza o mundo dos teus soños.

Aínda que hai que errar para aprender e sobrevivir, tamén poderemos aproveitar a gran comunidade de xogadores con que conta, xa que nos axudarán nos primeiros pasos da aventura.

A súa xogabilidade baséase en mesturar obxectos para fabricar elementos que precisaremos, tales como, por exemplo, unha espada. Tamén haberá que cultivar froitas e hortalizas ou pescar e cazar animais salvaxes para poder cociñar e comer.

Minecraft non conta con guías básicas para gozar da aventura, senón que son os propios xogadores os que deciden que facer e como facelo.

1

Título: *Minecraft*

Data de lanzamento: 17/05/2009

Desenvolvedora: Mojang Studios, Other Ocean Interactiv, 4J Studios, Xbox Game Studios

Editora: Ra-Ma

Xénero: *Sandbox*

Formato: Dixital e físico

Plataformas: Windows, macOS, Linux, Xbox, PlayStation, Nintendo Switch, Android, iOS,

Podes atopalo en: Minecraft.net, Microsoft Store e Xbox, Nintendo eShop e en tendas físicas e en liña

É para ti se che gustan...

A exploración e a construción.

Levar ao límite a túa creatividade.

Conectar cunha gran comunidade.

Loitar contra criaturas.



COMO XOGAR

Adiviña a palabra en seis intentos.

Despois de cada intento, a cor das letras muda para amosar o preto que estás de acertar a palabra.

G A I T A

A letra **G** está na palabra e na posición correcta.

V O G A L

A letra **G** está na palabra mais na posición incorrecta.

C A N T O

A letra **O** non está na palabra.

Unha palabra nova cada día!

XOGAR!

Xogar

WORDLE GALEGO

Wordle é un xogo de palabras en liña creado en 2021 por Josh Wardle, inicialmente para a súa parella e lanzado posteriormente ao público en outubro dese ano. O obxectivo é adiviñar unha palabra de cinco letras en até seis intentos, por medio dun sistema de cores co que se avalía cada intento: verde para letras na posición correcta, amarelo para letras que se atopan na palabra pero están no sitio incorrecto e gris para letras que non forman parte da devandita palabra.

O xogo destaca pola súa sinxeleza e polo desafío diario compartido: todos os xogadores tentan a mesma palabra no día. Isto propiciou que o xogo se viralizase e que se crease unha comunidade global que comparte os seus resultados nas redes sociais. Todo isto promove a expectación ao permitir só unha partida diaria.

Wordle Galego, lanzado en xaneiro de 2022, adapta esta experiencia ao galego. Integra vocabulario propio e incorpora modos como o ilimitado, a creación de xogos personalizados e opcións futuras como multixogador ou distintos tamaños de palabra. Así, *Wordle* combina aprendizaxe, azar e estratexia, e a súa versión en galego achega un valor lúdico e educativo á nosa lingua.

2

Título: *Wordle Galego*

Data de lanzamento: 10/2021

Desenvolvedora: Josh Wardle

Editora: Josh Wardle /The New York Times

Xénero: Quebracabezas

Formato: Dixital

Plataformas: Web

Podes atopalo en: Wordlegalego.com

É para ti se che gustan...

Os xogos de palabras e os retos lingüísticos.

Xogar unha vez ao día.

Que o galego forme parte dos teus pasatempos.

Aprender e divertirse sen presión.

WORDLE GAL

O xogo das palabras

KOA AND THE FIVE PIRATES OF MARA



Xogar

Koa and the Five Pirates of Mara é un xogo de plataformas en 3D no que Koa e a súa amiga Napopo emprenden unha aventura por un arquipélago cheo de paisaxes variadas e perigos ocultos. A súa misión é recuperar un botín roubado polos piratas. Para facelo, deberán superar trampas, obstáculos e desafíos nunha carreira organizada polos propios piratas para escoller ao novo rei do mar.

O xogo está dividido en oito mundos temáticos (como volcáns, montes, aldeas piratas ou glaciares) cheos de plataformas móbiles, pinchos, lava, xeo ou ramplas. Ademais, os niveis agochan segredos e obxectos coleccionables que permiten desbloquear contidos estéticos para os protagonistas nas tendas da illa Qälis.

Con gráficos moi coloridos, música pegadiza e un deseño que combina exploración con velocidade, este título ofrece diversión para todos os públicos, cunha mestura entre xogabilidade clásica e exploración moderna que aumenta a súa duración e atractivo. Sen dúbida, un xogo excepcional en case todo o que fai e que resulta ideal para ser desfrutado en familia.

3

Título: *Koa and the Five Pirates of Mara*

Data de lanzamento: 27/07/2023

Desenvolvedora: Chibig, Talpa Games, Undercoders

Editora: Chibig

Xénero: Plataformas

Formato: Físico e dixital

Plataformas: PlayStation 5, Nintendo Switch, PlayStation 4, Microsoft Windows, Xbox Series X e Series S, Xbox One

Podes atopalo en: Steam, Xbox, PlayStation, Nintendo eShop, Tesura Games, Amazon


É para ti se che gustan...

Os xogos de plataformas.

As aventuras.

Explorar novos mundos.

Os coleccionables.





Xogar

TOWNSCAPER

Townscaper é un xogo de creación sen obxectivo definido que aposta pola liberdade creativa dos xogadores. A diferenza doutros *city builders* centrados na xestión e administración de cidades, aquí o único propósito é construír ao noso gusto espazos encantadores que flotan sobre a auga: casas, barrios, monumentos ou calquera estrutura que imaxinemos.

Sen menús nin recursos, o xogo limítase a premer na pantalla ou empregar o rato (segundo a plataforma en que se xogue) para ver como aparecen os edificios, os cales están guiados por unha lóxica interna que garante resultados estéticos. A retícula delimita o tamaño, pero a imaxinación é o único límite real. En canto se comeza a crear a cidade, o que se presenta en pantalla é un fermoso ballet de cores e sensacións, no que nunca se sabe onde se vai acabar pero a viaxe é moi satisfactoria.

Ademais, o son ambiental, a choupada da auga e as animacións fan que a experiencia sexa case meditativa. Non permite moitas modificacións, pero iso é parte do seu encanto: unha experiencia tranquila, artística e gratificante. Ideal para quen busca relaxarse e construír sen presión, mesmo sen coñecementos de urbanismo.

4

Título: *Townscaper*

Data de lanzamento: 26/08/2021

Desenvolvedora: Oskar Stålberg

Xénero: *City-building* de estilo *sandbox* minimalista

Editora: Raw Fury

Formato: Dixital

Plataformas: Microsoft Windows, macOS, Nintendo Switch, Xbox One, Xbox Series X/S, Web, iOS, Android

Podés atopalo en: Townscapergame.com, Steam, Nintendo eShop, App Store, Google Play, Xbox Store.

É para ti se che gustan...

As experiencias creativas sen presión.

Os xogos de construción relaxados.

A parte visual e estética.

Os xogos para desconectar.



RUNNING ON MAGIC



Xogar

Running on Magic é un xogo de plataformas lateral con desprazamento forzado no que controlas un mago que foxe da Morte, representada como un simpático esqueleto. Cada partida ten niveis distintos, feitos ao azar, o que evita a repetición e esixe reflexos rápidos para superar obstáculos e inimigos. A xogabilidade céntrase na acción aérea: podes saltar, planear e esmagar obstáculos mentres recollas orbes que recargan os teus poderes máxicos.

O xogo destaca polo seu estilo visual en *pixel art* colorido, os cinco mundos temáticos, a música pegadiza e o ton humorístico. A dificultade é progresiva, con opcións que aceleran o ritmo e reducen a marxe de erro, o que fai que cada partida sexa máis intensa. Ademais, inclúe un modo infinito para poñer a proba a túa resistencia.

Desenvolvido por Gusarapo Games, é unha proposta curta pero divertida que combina unha estética encantadora cun reto dinámico. Morres moito, pero sempre dan ganas de volver tentalo, o cal é sempre un indicativo de que estamos ante un xogo especial que sabe facer moi ben as cousas.

5

Título: *Running on Magic*

Data de lanzamento: 15/07/2022

Desenvolvedora: Gusarapo Games

Editora: Meteorbyte Studios

Xénero: Plataformas, acción, aventura

Formato: Dixital

Plataformas: PlayStation 5, Nintendo Switch, PlayStation 4, Microsoft Windows, Xbox Series X e Series S, Xbox One

Podes atopalo en: Steam, Nintendo eShop, Xbox, PlayStation.

É para ti se che gustan...

Os xogos de plataformas rápidos.

Os personaxes carismáticos.

Os retos arcade.

A estética pixel art.





TINY GARDEN

Tiny Garden é un xogo de simulación pausada e creativa no que coidas dun xardín máxico dentro dunha cápsula de xoguete. Con mecánicas sinxelas e unha estética suave e acolledora, ofrece unha experiencia relaxante centrada na observación, a paciencia e a personalización.

A túa tarefa é cultivar sementes, mesturar plantas e transformar o pequeno xardín en función do terreo. Non hai presións nin obxectivos determinados: todo avanza ao teu ritmo. Cada nova planta pode desbloquear outras combinacións, decoracións ou ambientes, mentres vas descubrindo cartas e pequenos detalles que fan que cada partida sexa única.

O deseño artístico aposta por formas redondeadas, cores pastel e un estilo que lembra os xoguetes da infancia. A música ambiental e os efectos de son completan unha atmosfera envolvente, ideal para desconectar e gozar do pracer de ver medrar algo creado por ti.

Tiny Garden é perfecto para persoas que valoran xogos sen violencia, con mecánicas sinxelas pero fondas, e unha mensaxe clara de respecto pola natureza e o tempo propio. Unha experiencia diferente e con moita personalidade que sabe facer moi ben as cousas.

6

Xogar

Título: *Tiny Garden*

Data de lanzamento: 8/04/2025

Desenvolvedora: Ao Norte

Editora: Super Rare Originals

Xénero: Simulación, Quebracabezas, Acolledor

Formato: Dixital

Plataformas: PC (proximamente en Nintendo Switch)

Podes atopalo en: Steam

É para ti se che gustan...

Os xogos relaxantes sen presión nin obxectivos determinados.

A personalización e o coidado de espazos naturais.

As experiencias visuais que evocan nostalgia e tranquilidade.



AVANI



Xogar

Avani é un videoxogo de acción e aventura con vista isométrica no que encarnas a unha nova gardiá destinada a purificar un mundo que foi corrompido por unha enerxía escura. Armada cunha espada ancestral, deberás explorar, combater e liberar distintas zonas naturais mentres descubres o equilibrio entre o poder e a harmonía.

O xogo combina mecánicas accesibles de combate en tempo real con exploración e resolución de pequenos retos ambientais. Ao longo da túa viaxe atoparás inimigos, obstáculos e elementos do contorno que porán a proba a túa habilidade e intuición. A pesar da súa sinxeleza técnica, o xogo transmite unha mensaxe clara sobre o coidado da natureza e o respecto polo medio.

Avani presenta unha estética estilizada e colorida, con escenarios cheos de vida que contrastan coas zonas afectadas pola corrupción. A música ambiental e o deseño de son acompañan suavemente cada paso, reforzando a atmosfera sen distraer da acción. O xogo é gratuito, é apto para todo tipo de públicos e está completamente localizado en galego, castelán, catalán e inglés, entre outras linguas.

7

Título: *Avani*

Data de lanzamento: 2022

Desenvolvedora: Kyuut Katz (DigiPen EuropeBilbao)

Xénero: Acción, Aventura

Formato: Dixital

Plataformas: PC

Podes atopalo en: Steam

É para ti se che gustan...

As aventuras accesibles con combate e exploración.

Os xogos con mensaxe ecolóxica e elementos visuais agradables.

As experiencias breves, gratuítas e ben acabadas.



O MISTERIO DAS 7 PEZAS



Xogar

O misterio das 7 Pezas é un videoxogo educativo e de aventuras desenvolvido en colaboración entre a concellaría de Normalización Lingüística de Santiago de Compostela e o estudo Imaxin Software. A proposta parte dunha premisa sinxela: sete pezas esenciais desapareceron misteriosamente e a detective Ana Branco debe recuperalas para restaurar o equilibrio da cidade. O xogador terá que resolver enigmas a través de escenarios reais de Santiago de Compostela.

Cada unha das localizacións (tales como o Parque da Música, o barrio de Conxo, a igrexa de Santo Domingo ou a Praza do Obradoiro) recrea espazos recoñecibles da cidade, ilustrados con detalle e acompañados por desafíos que poñen a proba a lóxica e a capacidade de observación do xogador.

Todo o contido está completamente en galego, con voces e textos adaptados ao público escolar.

O videoxogo foi deseñado para usarse en contextos educativos e distribuíronse 2000 copias físicas nos centros de ensino de Santiago no ano 2000. Actualmente, está dispoñible para descarga gratuíta coa súa banda sonora orixinal, polo que calquera pode acceder a el e desfrutar dun dos primeiros xogos desenvolvidos en Galicia.

8

Título: O misterio das 7 Pezas

Data de lanzamento: 2000

Desenvolvedora: Imaxin Software

Xénero: Aventura gráfica, Educativo

Formato: Dixital (descargable)

Plataforma: PC


Podes atopalo en: Navegador (culturagalega.gal)

**É para ti se
che gustan...**

As aventuras gráficas con toques educativos.

Os xogos ambientados en espazos reais.

A aprendizaxe lúdica en lingua galega.



OJO POR OJO



Xogar

Ojo por ojo é un xogo de plataformas contra o reloxo onde cada salto conta. Inspirado na estética dos 8 bits e no ritmo frenético dos arcades clásicos, o obxectivo é recoller todas as moedas de cada nivel no menor tempo posible, evitando trampas e obstáculos mortais. Un erro significa comezar de novo, así que a memoria e a precisión son fundamentais para progresar.

O control é simple pero esixente: tan só podes moverte e saltar, pero o deseño dos niveis obriga a calcular cada movemento con exactitude. Os niveis son curtos, mais intensos, e desafían tanto a rapidez como a paciencia. A medida que avanzas, nos

escenarios introdúcense novos perigos e trampas que poñen a proba a túa destreza.

A estética é puro *pixel art* minimalista, cun personaxe (un ollo morado con patas) simpático e expresivo. A banda sonora e os efectos sonoros fan lembrar os clásicos de consolas antigas, o cal contribúe a esa sensación nostálgica pero vibrante.

Ojo por ojo non conta cunha historia tradicional, pero si cun deseño coidado que convida a repetir niveis para mellorar tempos. É ideal para quen goza de retos rápidos, claros e con moito sabor retro. Ten soporte para clasificacións e *speedruns*, así que competir por tempos récord é parte da experiencia.

9

Título: *Ojo por ojo*

Data de lanzamento: 2021

Desenvolvedor: Qaramelo Videoxogos

Xénero: Plataformas, Arcade, Indie

Formato: Dixital

Plataformas: PC, Móbil

Podes atopalo en: Navegador (itch.io)

É para ti se che gustan...

Os xogos de plataformas cun enfoque táctico e orixinal.

O humor absurdo e a estética retro.

Os desafíos intensos de resolución rápida.



GALACTIC GRINDER



Xogar

A vida de Rider, o mago do monopatín, non resulta nada sinxela: debido a unha serie de catastróficos enredos, ten que embarcarse nunha viaxe por todo o Sistema Solar da cal depende o futuro do noso planeta. Por suposto, estará acompañado polo seu inseparable patín, co cal poderá sortear e facer infinidade de trucos cos que gañar puntos a medida que se achega ao seu destino. Atravesarás mundos con ambientes moi diversos e con cadanseu estilo artístico, sempre ben arroupado cunha banda sonora de hip hop lo-fi. Salva o mundo con estilo a golpe de *kickflip* e trata de esnaquizar o récord de cada fase, ou simplemente desfruta do seu excepcional apartado técnico (tanto a nivel visual como de música) grazas a uns escenarios que se bifurcan, cambian, e estoupan a medida que avanzas. Unha proposta de xogo que podería semellar sinxela, pero que oculta moitas posibilidades e, sobre todo, deixa constantemente con ganas de máis grazas á súa interesante xogabilidade que funciona de marabilla. Despega xa nesta aventura espacial na que só vas precisar catro rodas e unha táboa, pois é completamente de balde!

Título: Galactic Grinder

Data de lanzamento: 25/06/2023

Desenvolvedora: DigiPen Europe-Bilbao

Xénero: Plataformas, acción, deporte, arcade, auto-scroller

Formato: Dixital **Plataformas:** Windows, Steam

Podes atopalo en: Steam

É para ti se che gustan...

A arte urbana ou andar en monopatín.

Os xogos sinxelos de aprender pero difíciles de dominar, semellantes ao OlliOlli.

A música hip hop ou lo-fi.

O expresionismo ou a ciencia ficción.



NEONHAT



Xogar

Volven os 80! *NeonHAT* é un xogo case sen historia pero con moito conto. Voa polos ceos da psicodélica e charramangueira cidade de Synthwave mentres compites por ver quen é o máis rápido con xogadores de todo o mundo. Pero nestas carreiras non hai pista nin vehículo: es ti, voando a través de aros de cores rechamantes e disparando contra os peculiares habitantes deste universo que se atreven a cruzarse no teu camiño cara a meta.

Todo isto, sen esquecer destacar que estamos ante un xogo de realidade virtual, polo que serás ti quen protagonice o xogo en primeira persoa. *NeonHAT* conta, asemade, con dez circuítos, cinco xefes finais e tres modos de xogo diferentes, polo que se converte nunha completa experiencia en realidade virtual que está dispoñible en oito linguas diferentes entre as que se inclúen o galego, o euskera e o aragonés.

Cunha estética retro en 3D que aposta por poñer ao día estilos gráficos dos anos 80, e cunha banda sonora trepidante, a de *NeonHat* é unha viaxe audiovisual que non quereñas deixar de xogar!

11

Título: *NeonHAT*

Data de lanzamento: 03/03/2022

Desenvolvedora: Entalto Estudios

Xénero: Carreiras espaciais

Formato: Dixital

Plataformas: Windows, Steam

Podes atopalo en: Steam

É para ti se che gustan...

Ir a toda velocidade e o Neon White.

As luces de neon e o vaporwave.

A música electrónica feita con sintetizadores.

Competir por ser o número 1.

A realidade virtual e os xogos VR.



CONCEPT DESTRUCTION



Xogar

Seguro que algunha vez pensaches no increíble que sería participar nun deses *demolition derbies*» que tanto éxito teñen en Estados Unidos, onde temerarios pilotos esnaquizan os seus coches uns contra outros. *Concept Destruction* ofrece, precisamente, esa mesma experiencia, aínda que coa vantaxe de poder disfrutar da destrución de coches sen sufrir as posibles secuelas no teu corpo. Iso si, cun moi interesante apartado artístico no que todo canto se ve na pantalla é de cartón!

Esnaquiza os coches dos teus rivais mentres ves saltar pezas do teu propio coche, todos eles fabricados a partir deste material reciclable e gozando da experiencia dende a seguridade do teu sofá. Este xogo non ten máis fin que divertir e disfrutar vendo as físicas de destrución dos vehículos, pero sen que ninguén saia nunca ferido! Cada coche manéxase dun xeito diferente, o cal dá moita variedade á experiencia de xogo e cadaquén pode escoller o vehículo que mellor se lle adapte. Logo, unha vez no circuíto, todo vale con tal de seguir vivo: derrapa, colle ramplas e esnáfrate contra todo o que se che poña a tiro, ou tenta sobrevivir o máximo posible en circuitos onde o código viario é soamente unha suxestión, cando non un impedimento.

12

Título: *Concept Destruction*

Data de lanzamento: 22/05/2020

Desenvolvedora: Thinice Games

Xénero: Motor físico, derbi de demolición

Formato: Físico, dixital.

Plataformas: PlayStation 5, Nintendo Switch, PlayStation 4, Xbox Series X e Series S, Xbox One, Microsoft Windows.

Podes atopalo en: Steam, Xbox, PlayStation, Nintendo eShop.

É para ti se che gustan...

Esnaquizar coches.

O heavy metal.

Os xogos cun bo motor de físicas.

A saga Twisted Metal.



TINTÍN REPORTER: OS XARUTOS DO FARAÓN



Xogar

Imaxina que te atopas nun cruceiro e que estás a desfrutar tan tranquilo das túas merecidas vacacións como reporteiro internacional cando, de súpeto e por un malentendido, acabas metido nun sarcófago no medio do mar xunto a un estraño profesor chamado Filemón Ciclón. E, por se fose pouco, estás acusado de narcotráfico! Así comeza esta aventura do reporteiro de ficción máis famoso do mundo, sempre acompañado do seu inseparable cadelo Milú. Ponte nas botas de Tintín nunha viaxe accidentada na que terá que percorrer medio mundo, dende Exipto ata a India, coa fin de limpar o seu

nome e desentrañar o misterio dos xarutos do faraón Kih-Oskh. A pista que tes será o seu estraño símbolo, o cal se atopa en todo obxecto directamente relacionado con esa misteriosa rede criminal que anda argallando algo.

Nesta aventura atoparás moitas momias, pero tamén faquires, sociedades secretas, tumbas pechadas durante milenios e persecucións de infarto. Tintín nunca se rende até coñecer a verdade e protexer os bos e inocentes, sempre con humildade, xenerosidade, enxeño, un chisco de sorte e contando co incansable apoio de Milú e a posible axuda de descoñecidos. Pero... poderá Tintín confiar en todo o mundo? *Minecraft* non conta con guías básicas para gozar da aventura, senón que son os propios xogadores os que deciden que facer e como facelo.

Título: Tintín Reporter: Os xarutos do faraón

Data de lanzamento: 07/11/2023

Desenvolvedor: Pendulo Studios

Xénero: Aventura gráfica

Formato: Dixital, físico

Plataformas: Playstation 5, Microsoft Windows, Playstation 4, Nintendo Switch, Xbox One, Xbox Series X/S, GeForce Now.

Podes atopalo en: Steam, Nintendo eShop, Playstation Store, Xbox Store.

É para ti se che gustan...

Os cómics ou as películas de Tintín.

Viaxar, coñecer mundo e outras culturas.

Os misterios e as historias de detectives.

As aventuras gráficas e darlle á cachola.

Os valores de produción altos.



XANCHUCHAMEL



Xogar

XanChuchamel é un xogo de plataformas e quebracabezas no que encarnas a Xan, unha criatura redondiña equipada cun canón de chuchamel. A túa misión será recuperar os doces roubados e restaurar o equilibrio do mundo. Para iso, terás que atrapar bloques especiais, colocalos con enxeño e superar obstáculos nun universo cheo de cor, ritmo e retranca.

A mecánica central baséase en absorber e colocar bloques con propiedades distintas, o que permite resolver quebracabezas, abrir camiños e activar mecanismos. Cada nivel é un pequeno

desafío que require precisión, lóxica e creatividade, así como tirar de enxeño para afrontar os quebracabezas que se van intercalando coas seccións de plataformas. Unha mestura de xéneros que funciona de marabilla e que converte a *XanChuchamel* nunha aventura ideal tanto para público novo como para persoas amantes dos clásicos dos 90.

Con máis de 50 niveis, cinco mundos únicos e segredos agochados por todas as partes, *XanChuchamel* ofrece unha experiencia divertida e completamente en galego.

Título: *XanChuchamel*

Data de lanzamento: 31/10/2022 (PC), 27/12/2022 (Nintendo Switch)

Desenvolvedora: Narubane

Editora: Narubane

Xénero: Plataformas, quebracabezas, indie, aventuras

Formato: Dixital

Plataformas: Microsoft Windows, Linux, Nintendo Switch

Podes atopalo en: Steam


É para ti se che gustan...

Os xogos que combinan plataformas e quebracabezas.

Os desafíos que requiren precisión, observación e estratexia.

Os mundos coloridos cheos de segredos agochados.





Xogar

A AVENTURA MÁXICA DE MERLIÑO

A aventura máxica de Merliño é unha proposta interactiva na que acompañas a un mago un tanto trapalleiro que esperta por accidente a un demo. Para corrixir o caos máxico, Merliño deberá viaxar por distintos lugares de Galicia coa axuda do trasno Cipri, resolver enigmas e aprender sobre a nosa cultura.

Este xogo combina con mestría a aventura gráfica tipo *point & click*, o humor e a aprendizaxe, nun percorrido por espazos tan emblemáticos do noso país como San Andrés de Teixido, a Torre de Hércules ou Ribeira. Ao chegar ao final da trama principal, poderás crear as túas propias aventuras cun editor de historias bastante interesante e completo que permite personalizar escenarios, diálogos e personaxes. Esta posibilidade dota o xogo de moita vida, xa que as posibilidades pasan a ser practicamente ilimitadas e na imaxinación dos xogadores hai moitas aventuras novas por contar.

A aventura máxica de Merliño foi distribuído en colexios e institutos de Galicia e segue a ser unha ferramenta divertida para explorar o patrimonio cultural e lingüístico en clave máxica. *Minecraft* non conta con guías básicas para gozar da aventura, senón que son os propios xogadores os que deciden que facer e como facelo.

Título: *A aventura máxica de Merliño*

Data de lanzamento: 29/11/2001

Desenvolvedora: Grupo de Investigación SING (Universidade de Vigo)

Editora: Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Política Lingüística)

Xénero: Aventura gráfica, Educativo, *Point & click*

Formato: Dixital (CD-ROM)

Plataformas: Microsoft Windows

Podes atopalo na: Rede de Bibliotecas de Galicia

É para ti se che gustan...

As aventuras gráficas cun toque máxico en localizacións reais.

Os xogos que mesturan humor, aprendizaxe e cultura galega.

Crear as túas propias historias.



KITY BUILDER



Xogar

Kity Builder é un xogo de construción e exploración no que Kity, un gatiño intrépido, ten que percorrer unha illa máxica para recuperar uns planos cos que se poderían reconstruír diversas cidades. Coa axuda do alcalde Mewyor e outras personaxes felinas, poderás deseñar espazos únicos, colocar edificios con total liberdade e crear zonas que cobren vida pouco e pouco.

Non hai límite de tempo nin de recursos, polo que podes construír ao teu ritmo, saltar polos tellados, explorar cada recuncho e descubrir segredos entre bloques pixelados. Cada novo plano abre a porta a novas posibilidades e cada cidade convértese nun pequeno mundo que reflicte o teu estilo. Unha proposta pensada para desfrutar sen complicacións e sentíndote parte do propio universo que se presenta en pantalla.

Todo isto vese potenciado pola estética do xogo, que aposta por cores suaves, escenarios acolledores e un estilo visual que lembra os xogos da infancia. Unha combinación marabillosa de retranca gatuna con moita creatividade. A experiencia é curta e perfecta para relaxarse e deixar voar a imaxinación.

16

Título: *Kity Builder*

Data de lanzamento: 17/06/2025

Desenvolvedora: Sambero, irx99, YerayToledano, Juan Hust

Editora: Parabellum Games

Xénero: Aventura, casual, indie

Formato: Dixital

Plataforma: Microsoft Windows


Podes atopalo en: Steam

É para ti se che gustan...

Os xogos que xuntan construción e exploración.

Crear cidades sinxelas sen presión.

O humor e o encanto dos gatiños pixelados.



MOUSEVENTURES



Xogar

MouseVentures é un xogo de quebracabezas no que controlas a Pipo, un rato de peluche que cobra vida grazas á imaxinación dunha nena. A súa aventura lévaa ao interior de dous libros de contos, onde deberá axudar a un pequeno príncipe a recuperar a súa espada e a un coelliño a rescatar o seu amigo Quetzacóatl. Para avanzar, terá que empregar dúas habilidades especiais: manipular o magnetismo e reflectir a luz. O correcto uso e manexo de ambas será fundamental de cara a resolver os enxeñosos desafíos que se propoñen.

Cada nivel require observar, experimentar e combinar accións para activar plataformas, superar trampas e desbloquear novos camiños. O xogo incorpora escenarios cheos de detalles, animacións coidadas e unha banda sonora que complementa ás mil marabillas a exploración.

MouseVentures, desenvolvido por estudantes de cuarto curso da DigiPen Europe (Bilbao), foi lanzado de balde o 11 de xullo de 2024 e acadou moi boas críticas, con máis dun 96 % de valoracións moi positivas en Steam. Ademais, recibiu premios como Mellor Xogo en Éuscaro e Mellor Xogo Universitario, e foi finalista noutras categorías en 2024.

Título: *MouseVentures*

Data de lanzamento: 11/07/2024

Desenvolvedor: DigiPen Europe Bilbao

Editora: DigiPen Institute of Technology

Xénero: Quebracabezas, casual, *freetoplay*

Formato: Dixital

Plataformas: Microsoft Windows

Podes atopalo en: Steam

**É para ti se
che gustan...**

Os quebracabezas cheos de maxia e creatividade.

As aventuras curtas e imaxinativas.

Os xogos de acción cozy.





THE WAYLANDERS

Imaxina un xogo de rol táctico onde te mergullas nunha Galiza fantástica habitada por deuses celtas como Lug e diversas criaturas clásicas da nosa mitoloxía. En *The Waylanders* controlarás un grupo de heroes con habilidades únicas e tomarás decisións que marcarán o rumbo da historia. O combate é dinámico pero pensado para mentes estratéxicas: podes deter o tempo en calquera momento para planificar mellor os teus movementos e ataques, coma se fose un taboleiro de xogo vivo.

The Waylanders convídate a viaxar no tempo entre dúas épocas: unha Galiza ancestral chea de maxia e unha Idade Media onde as lendas xa case ninguén as recorda. Terás que empregar formacións de combate e resolver quebracabezas que requiren cambiar entre ambas as dúas épocas, todo isto mentres exploras aldeas inspiradas no noso patrimonio e dialogas con personaxes baseados en figuras reais como Breogán. A música e os escenarios, que recrean paisaxes recoñecibles da nosa terra (con mención especial á recreación dixital da catedral de Santiago na súa primeira construción), completan unha experiencia única e con moito espírito galego. *The Waylanders* é un xogo feito con coñecemento e paixón pola nosa cultura e ofrece tanto diversión como profundidade narrativa.

Xogar

18

Título: *The Waylanders*

Data de lanzamento: 02/02/2022

Desenvolvedora: Gato Studio

Xénero: Xogo de rol táctico

Formato: Dixital

Plataformas: Microsoft Windows

Podes atopalo en: Steam, GOG


É para ti se che gustan...

Os mundos fantásticos con raíces na nosa cultura.

Combinar acción e pensamento estratéxico.

Historias onde as túas eleccións importan.

Proxectos feitos con paixón e identidade.





THE COUNT LUCANOR

The Count Lucanor trasládase a un mundo de contos de fadas sinistros onde cada sombra esconde un segredo e cada decisión pesa como unha lousa. Mergúllate nunha aventura de misterio e terror onde te porás na pel dun rapaz chamado Hans, que decide percorrer un castelo escuro e enigmático para conseguir un tesouro lendario. Este xogo mestura elementos de xogo de rol de corte tradicional con quebracabezas e unha atmosfera inquietante onde cada decisión pode levar a múltiples finais.

A súa beleza pixelada esconde unha profundidade sorprendente. Os quebracabezas intégranse naturalmente na narrativa e, ademais, esixen que observes cada detalle e conectes as pistas dispersas. O sistema de gardado, baseado en velas limitadas, engade unha capa extra de tensión a cada paso que das. Ademais, a historia, chea de simbolismo e referencias a contos clásicos, manterate en vilo ata o final do xogo. Unha experiencia moi particular que non deixa de sorprenden de comezo a fin e que, en liñas xerais, resulta moi satisfactoria e deixa con ganas de máis producións galegas nesta liña.

Xogar

19

Título: *The Count Lucanor*

Data de lanzamento: 03/03/2016

Desenvolvedora: Baroque Decay, Ratalaika Games

Xénero: Aventura de terror e misterio

Formato: Físico, dixital

Plataformas: Nintendo Switch, PlayStation 4, Microsoft Windows, GNU/Linux, Xbox One, mac OS

Podes atopalo en: Steam

É para ti se che gustan...

As historias de terror con toques de conto de fadas.

Os quebracabezas que poñen a proba a túa intelixencia.

As aventuras indie con estilo único e atmosfera envolvente.





BASUREROES: INVASION

Basureroes: Invasion é un *beat 'em up* en 2D onde o lixo cobra vida... literalmente. Unha invasión extraterrestre transforma o lixo en criaturas monstruosas que ameazan con afogar o planeta en residuos. Con todo, no medio do caos érguese un grupo inesperado de heroes: os Basureroes, traballadores do servizo de limpeza armados con contedores, fregonas e unha determinación de ferro. Eles serán a última esperanza do noso planeta.

Cada personaxe ten habilidades únicas e unha historia propia, o cal aporta variedade e permite que cada xogador opte polo que máis se adapte ao seu estilo de xogo. Todo isto cun sistema de combate rápido, cheo de combos, ataques especiais e interaccións coa contorna. Loitarás de punta a cabo de todo tipo de escenarios, xa sexan polígonos industriais ou praias cubertas de plásticos. Non podían faltar os enfrontamentos contra grandes xefes finais, que neste caso simbolizan os excesos dunha sociedade consumista.

A estética *pixel art*, a retranca e a banda sonora industrial crean unha experiencia única que pon o foco no exceso de consumo e na dignidade dos que sempre limpan os desastres alleos.

Xogar

20

Título: *Basureroes: Invasion*

Data de lanzamento: 30/01/2025

Desenvolvedora: Javs Game Studios

Xénero: Acción, aventura, indie

Formato: Dixital, edición física limitada

Plataformas: Microsoft Windows, PlayStation 5, Nintendo Switch

Podes atopalo en: Steam, Nintendo eShop, PlayStation Store

É para ti se che gustan...

Os xogos de loita cooperativa con estética retro.

O humor canalla con fondo social.

Os xogos que van aumentando a dificultade a medida que avanzas na historia.



GLEST



Xogar

Glest é un xogo de estratexia en tempo real no que controlas exércitos nun mundo de fantasía onde a maxia e a tecnoloxía loitan polo dominio. Hai dúas faccións principais: os Magic, mestres dos elementos e das invocacións; e os Tech, expertos en maquinaria e artefactos bélicos. Escolle unha destas faccións, constrúe a túa base, adestra unidades e enfróntate a inimigos nun campo de batalla dinámico e cheo de posibilidades.

Cada partida esixe pensar rápido e planificar ben: debes recoller recursos, expandir o teu territorio e adaptar a túa estratexia segundo os movementos do rival. As unidades evolucionan, combínanse e permiten enfoques moi distintos, dende o asedio directo ata ataques máxicos dende lonxe, ou mesmo emboscadas con máquinas de guerra.

O estilo visual é sobrio pero eficaz, cun mundo medieval fantástico e batallas que recordan os grandes clásicos do xénero. *Glest*, que foi desenvolvido como proxecto libre e de código aberto, destaca pola súa comunidade activa e polas posibilidades de expansión e modificación que ofrece e que axudan a que teña moita vida.

21

Título: *Glest*

Data de lanzamento: 12/03/2004

Desenvolvedora: Glest Team

Xénero: Estratexia en tempo real, indie

Formato: Dixital

Plataformas: Microsoft Windows, GNU/Linux

Podes atopalo en: Páxina oficial

É para ti se che gustan...

Os xogos clásicos de estratexia en tempo real.

Personalizar e experimentar con mecánicas.

Os mundos de fantasía con enfoque táctico





SUPER WODEN GP

Super Woden GP é un xogo de carreiras isométrico que combina a estética retro dos clásicos arcade coa profundidade dos títulos de simulación. Conducirás a través de circuitos repartidos por todo o mundo nunha experiencia que mestura velocidade, estratexia e un claro amor polo mundo do motor.

O modo carreira lévate a participar en torneos, gañar cartos, mercar coches e desbloquear novos campionatos. Hai dúcias de vehículos de distintas categorías e estilos, cada un con físicas e comportamentos propios. A xogabilidade é esixente: dominar as curvas, escoller os pneumáticos e aprender os trazados é clave para acadar a vitoria.

O estilo visual aposta por gráficos pixelados en vista cenital, homenaxeando os xogos de carreiras dos anos 90 cunha fidelidade tal que os máis vellos do lugar seguro que lembran ter xogado nalgunha recreativa a xogos moi similares. A banda sonora, con temas electrónicos e *synthwave*, acompaña perfectamente a intensidade das carreiras. Un xogo de moito nivel e moi coidado que recibiu moitas louvanzas por parte da crítica e do público de todo o mundo.

22

Xogar

Título: *Super Woden GP*

Data de lanzamento: 01/09/2022

Desenvolvedora: ViJuDa

Xénero: Carreiras, arcade, indie

Formato: Dixital, físico

Plataformas: PlayStation 5, Nintendo Switch, PlayStation 4, Microsoft Windows, Xbox, Linux

Podes atopalo en: Steam, PlayStation Store, Xbox Store, Nintendo eShop

É para ti se che gustan...

Os xogos de carreiras con estética arcade.

O mundo do motor.

Os sistemas de control dos clásicos de recreativa.





Xogar

MAGIC TWINS

Un xogo de quebracabezas cooperativo no que dúas bruxas rebeldes, Abra e Cadabra, deben desfacer o caos máxico que elas mesmas crearon na illa de Mallorca. Un punto de partida tan curioso como divertido que transmite de inmediato o espírito desenfadado desta produción.

Ao mesturar as súas cores máxicas sen pensar nas consecuencias, desencadean unha invasión de vexetais mutantes que só poderán deter con traballo en equipo... e moita alquimia cromática.

O xogo propón un reto orixinal baseado na combinación de cores, as reaccións rápidas e a colaboración constante. Cada nivel require coordinar disparos máxicos segundo a cor dos inimigos, resolver situacións en tempo real e aproveitar os encantamentos especiais de cada xemelga. A dificultade vai en aumento, cun deseño que premia tanto a precisión como a cooperación fluída.

Magic Twins ten uns gráficos moi coloridos, un estilo de debuxos animados que namora só con velo e unha estética encantadora. Todo isto mestúrase cunha experiencia divertida e desafiante que resulta ideal para compartir con alguén, o cal dá como resultado un xogo que paga a pena descubrir.

Título: *Magic Twins*

Data de lanzamento: 18/03/2021

Desenvolvedora: Flying Beast Labs

Xénero: Quebracabezas, acción, cooperativo, indie

Formato: Dixital

Plataformas: Nintendo Switch, Microsoft Windows, macOS, GNU/Linux

Podes atopalo en: Steam, Nintendo eShop

É para ti se che gustan...

Os xogos cooperativos con mecánicas orixinais.

Resolver quebracabezas.

Os xogos que poñen a proba a túa paciencia.





O LIBRO MÁXICO DE MOITOLLO

O libro máxico de Moitollo é un videoxogo educativo creado no marco da campaña MOITOLLO!, impulsada pola Consellaría de Traballo da Xunta de Galicia co obxectivo de achegar aos máis pequenos o valor da prevención de riscos laborais dun xeito participativo e lúdico. Forma parte dun conxunto de accións que incluíron autobuses divulgativos, proxeccións en 3D e materiais didácticos en centros de ensino por toda Galicia.

Neste xogo, os escolares están acompañados por Moitollo, que os guía por un mundo máxico cheo de retos cos que aprenderán a identificar perigos, empregar proteccións adecuadas e tomar decisións seguras. Ao longo da aventura e das diversas problemáticas que se lles presentan, os xogadores interactúan con situacións cotiás adaptadas á súa idade e resollen minixogos e probas que transmiten valores de responsabilidade, coidado e cooperación.

O xogo está pensado para empregarse en contornos educativos, ten uns gráficos coloridos e accesibles, unha narrativa clara e mecánicas sinxelas. É ideal tanto a nivel formativo como para ser unha porta de acceso aos videoxogos para os máis pequenos da casa. *Minecraft* non conta con guías básicas para gozar da aventura, senón que son os propios xogadores os que deciden que facer e como facelo.

Título: *O libro máxico de Moitollo*

Data de lanzamento: 2006

Desenvolvedora: Imaxin Software, Xunta de Galicia

Xénero: Educativo, conversacional

Formato: Dixital

Plataformas: Microsoft Windows

Podes atopalo en: Actualmente retirado da páxina oficial da Xunta

É para ti se che gustan...

Os xogos educativos con contido social.

Os recursos lúdicos para empregar na aula.





Xogar

RUIN RAIDERS

Ruin Raiders é un *roguelike* táctico por quendas no que manexas pelotóns de exploradores que se adentran nas ruínas dunha civilización antiga. Nas diversas incursións terás a oportunidade de explorar os distintos medios e loitar contra demos mentres melloras os integrantes do teu grupo con novo equipamento para que sexan quen de vencer os xefes do máis profundo abismo.

Cada partida ten a súa propia evolución e preséntase como un novo desafío totalmente diferente ao anterior, xa que todos os niveis están xerados de forma procedimental, cun combate táctico que porá a proba a túa capacidade estratéxica. Grazas a que o xogo presenta unha perspectiva isométrica, terás a mellor experiencia posible á hora de ver como ás túas unidades tentan atravesar as catro ruínas que compoñen esta aventura, na cal terán que facer fronte a inimigos formidables ao tempo que descubren tesouros en cada sala.

O xogo ten máis de cen obxectos e numerosas clases e habilidades dispoñibles para o pelotón do usuario, e ofrece un gran número de motivos para mergullarse no seu universo futurista cheo de ruínas cambiantes. Chegarás a descubrir o seu pasado?

25

Título: *Ruin Raiders*

Data de lanzamento: 14/10/2021

Desenvolvedora: OverPowered Team

Xénero: Estratexia, acción, aventura, indie

Formato: Dixital

Plataformas: Nintendo Switch, Microsoft Windows

Podes atopalo en: Steam, Epic Games, Nintendo eShop

É para ti se che gustan...

Os xogos de estratexia por quendas con mapas xerados aleatoriamente.

Os deseños de personaxes que combinan o riquiño e o rudo.

Os xogos que ofrecen unha gran rexogabilidade.





Xogar

KATANA DRAGON

Katana Dragon é un xogo de rol no cal o usuario se pon na pel dos *ninjas* Shin e Nobi, cos cales explorará un vasto mundo cheo de alxubes co obxectivo último de acabar coa maldición que ameaza o reino de Sogen. Para tal fin, deberán atopar os anacos da *Katana Dragon*, unha espada lendaria que concederá un desexo a quen logre forxala de novo.

Baixo unha estética vóxel que lembra aos primeiros títulos de Pokémon, terás a oportunidade de explorar centos de alxubes, calabozos e labirintos ateigados de quebracabezas, así como de mellorar as túas armas e equipamento para aumentar as posibilidades de vitoria. Todo isto sen esquecer o sistema de progresión de niveis que presenta o título, que se asemella ao sistema que se atopa habitualmente nos xogos de rol. Por se fose pouco, *Katana Dragon* tamén ofrece a posibilidade de xogar cun amigo en modo cooperativo.

Na actualidade, o videoxogo permite xogar de forma gratuíta o prólogo e o primeiro episodio, con seis técnicas, tres mundos, cinco tipos distintos de selos, xemas e vestuario. Unha pequena xoia repleta de posibilidades e horas de diversión.

26

Título: *Katana Dragon*

Data de lanzamento: 28/03/2025

Desenvolvedora: Tsunoa Games

Xénero: Acción, aventura, RPG, indie

Formato: Dixital

Plataformas: Microsoft Windows

Podes atopalo en: Steam

É para ti se che gustan...

Os mundos con centos de segredos por descubrir.

Os ninjas con habilidades propias e aspectos personalizables.

As aventuras épicas cheas de acción cunha estética única.



PC FURBO TOTAL PATXI EDITION



Xogar

Se o teu son os xogos de deporte, bótalle un ollo a *PC Furbo Total Patxi Edition*! Nesta tola proposta de xogo multixogador poderás xogar ao verdadeiro fútbol... no salón da casa coas túas amizades, con pedras en lugar de pelotas e tendo ollo de que un pau non che bata na cachola.

O seu multixogador en liña abre as portas a compartir un intre agradable cos teus amigos e coñecidos sen importar onde estean, sempre dende unha perspectiva relaxada e cómica. Terás que montar un servidor para permitir que até 22 persoas, repartidas entre dous equipos, desfruten dunha experiencia repleta de tolemia e momentos memorables. Por suposto, a lingua non será un impedimento, pois está dispoñible en español, catalán, euskera, galego e inglés.

PC Furbo Total Patxi Edition naceu de xeito paródico por parte do programador Rafa Laguna, que foi creando o xogo xunto cos seus seguidores en plataformas de *streaming*, pero o resultado final é moi divertido e paga a pena descubri-lo. Atoparalo de balde en itch.io, mais se prefires o formato físico sempre podes contactar co desenvolvedor para adquirilo en formato CD.

Título: *PC Furbo Total Patxi Edition*

Data de lanzamento: 17/05/2024

Desenvolvedor: Rafa Laguna

Xénero: Deportes, multixogador

Formato: Dixital, edición física baixo demanda

Plataformas: Linux, Microsoft Windows, macOS e Android

Podes atopalo en: itch.io, web do desenvolvedor.

É para ti se che gustan...

Os xogos con gráficos simples pero riquiños.

Os xogos de deportes con espírito pillabán.

Os partidos de fútbol cheos de acción e comedia cos teus colegas.



WEE TANKS!



Xogar

Wee Tanks! segue a traxectoria e conserva o espírito dos xogos arcade. Non presenta ningunha historia complicada, pero conta con tres modos de xogo, moitísimos niveis cunha gran variedade de escenarios, tres mapas de supervivencia, un editor de mapas e un modo multixogador no que até dezaseis colegas poderedes rebentarvos uns a outros.

Ao longo dos máis de 100 niveis que compoñen a campaña, loitarás contra máis de 30 clases de inimigos moi perigosos xunto a tanques aliados, os cales poderán

estar dirixidos por ti mesmo ou ben controlados pola máquina. Pero moito ollo, porque moitos tanques implican moitas balas e hai fogo amigo. Tamén poderás dar un paseo relaxante pola Cidade Tanque, mais saltarse as normas desta urbe podería significar que teñas que acabar fuxindo da policía.

Cun apartado visual divertido e funcional, un deseño de son coidado e unha xogabilidade accesible, en *Wee Tanks!* atoparás un título no que botar unha chea de horas cunha acción desenfadada e con partidas imprevisibles e cheas de posibilidades.

28

Título: *Wee Tanks!*

Data de lanzamento: 16/05/2023

Desenvolvedora: Studio Kit

Xénero: Multixogador, arcade, estratexia

Formato: Dixital

Plataformas: Linux, Microsoft Windows, macOS

Podes atopalo en: Steam


É para ti se che gustan...

Unha xogabilidade sinxela de aprender pero difícil de dominar.

A posibilidade de crear mapas nos que loitar con colegas.

As partidas rápidas cun caos controlado.





exposición itinerante
O videoxogo en galego



Patrocina:



Organiza:

Área de
Normalización Lingüística
Universidade de Vigo

